



Resumo do discurso do alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo na cerimonia de ratificación do irmandamento de Santiago de Compostela con San Francisco de Asís.

Sindaco
Corporación
Autoridades
Señores e Señoras

Bo día:

Hoxe síntome profundamente satisfeito ao ratificar este acordo de irmandamento que consolida definitivamente os lazos que nos unen histórica e culturalmente.

Hai hoxe un ano que o sindaco de Assisi, o meu colega Claudio Ricci, nos transmitía o seu desexo de que se irmandasen as dúas cidades. Naquel momento recibimos a noticia con ilusión e puxémonos a traballar de inmediato na preparación dun acordo que abrirea entre as dúas cidades un camiño de colaboración.

Durante estes últimos doce meses tivemos a oportunidade de vernos en varias ocasións para ultimar os detalles do acordo. E nestes encontros foi xurdindo unha amizade entre nós –os alcaldes-, entre os membros das dúas corporacións e entre moitas outras persoas das dúas vilas que coincidiron grazas a este irmandamento. Fomos coñecendo os nosos costumes e tradicións, as nosas políticas en materia de educación, urbanismo ou transporte, as grandes celebracións das dúas cidades –festas que traspasan as nosas fronteiras e que son capaces de atraer milleiros de persoas-; e mesmo puidemos empaparnos da identidade das nosas respectivas rexións.

Galicia e a Umbria comparten o feito de seren territorios verdes, tranquilos e prósperos, cunha identidade propia moi definida e ligadas ambas, precisamente por causa do influxo que exerceron as nosas vilas, a unha tradición de peregrinación.

Santiago e Assisi levan séculos acollendo peregrinos procedentes de calquera parte do planeta e hai xa tempo tamén que as dúas uniron os seus camiños grazas á peregrinación do propio San Francisco de Asís a Santiago en 1214. Con esta peregrinación San Francisco comezou un lazo que agora queremos volver a propoñer a través da unión do Camiño de Santiago co Cammino di San Francesco, recuperando e poñendo en valor esta ruta que une en ambos sentidos as dúas cidades.

Despois de percorrer grande parte de Italia, San Francisco camiñou a Santiago pola eterna vía dos devotos peregrinos e chegou a Compostela cando se escoitaban os poetas galaico-portugueses e Mateo acababa de rematar o Pórtico da Gloria. Unha vez en Santiago, de Asís hospedouse co carboneiro Cotolai na súa choza do monte Pedroso, que lle axudou, xunto con Benicansa de Turdeto, a fundar, extramuros das vellas cidades, conventos abertos a todos os camiñantes.

Hoxe os motivos que atraen aos peregrinos a nosa cidade son diversos, pero o Camiño segue sendo un crisol de países e culturas chegados de todo o mundo. O espírito compostelán de universalidade e solidariedade engrandécese con este irmandamento, abrindo unha nova porta á concordia e ao coñecemento dos pobos. Recuperamos a orixe das nosas culturas como vínculo de enriquecemento. O noso irmandamento é nin máis nin menos que un recoñecemento ás nosas orixes. Queremos estreitar a vosa man, amigos de Assisi, para abrazarnos nunha familiaridade que naceu hai moitos séculos, cando San Francisco peregrinou a Compostela en 1214.

Quixera contarvos unha pequena anécdota que me trasladou dende o seu exhaustivo coñecemento do tema, o profesor Paulo Caucci a quen volvo a referirme hoxe aquí en Santiago, igual que fixen en Assisi, como unha das persoas que máis ten traballado para se formalizase este irmandamento e ademais impulsor do Camiño e medalla de ouro desta cidade. Desde aquí, unha vez máis, en nome da cidade de Santiago de Compostela, quero agradecerlle sinceramente a xenerosidade que mostrou

sempre. A anécdota que me chegou pola sabia boca do profesor Caucci conta que despois de acoller a San Francisco de Asís na súa casa e fundar canda el o convento de San Francisco, o carboneiro Cotolay chegou a ser rexedor da cidade de Santiago, polo tanto ben podemos dicir que a Orde franciscana entrou en Compostela da man dun predecesor meu no cargo de alcalde.

Esta é unha mostra máis dos lazos que nos unen e que dotan a este irmandamento que hoxe ratificamos dun significado que vai máis alá do habitual e que queremos que se plasme na vida real. As relacións de amizade e cooperación que hoxe asumimos son xa un proxecto compartido. Trátase agora de desenvolver a cooperación no ámbito cultural e patrimonial, pero tamén arquitectónico, de rehabilitación urbana e de desenvolvemento social e económico.

En definitiva, o noso desexo é que este irmandamento fomente o intercambio de experiencias e compromisos en calquera campo que poida contribuír a mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns; e que nos axude a buscar oportunidades para compartir experiencias que nos sexan útiles a ambos.

Irmandarnos con Assisi renova pois os lazos de amizade, unión e agradecemento cun país que sempre se nos abriu con xenerosidade. Por iso agardamos que máis alá dos recoñecementos protocolarios e institucionais, este irmandamento sirva para compartir experiencias e enriquecernos mutuamente.

Moitas grazas.

Santiago, a 24 de xullo de 2008